

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ANTEPROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Anteproxecto da Lei reguladora do Consello Galego da Competencia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto sobre tramitación de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior en administración de sistemas informáticos en rede.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio en instalacións de telecomunicacións.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se desenvolve o réxime xurídico e se regula o procedemento para o outorgamento das concesións da Illa de Ons.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Lourenzá, para a execución da obra: "limpeza e dragado do encoro de Lourenzá. Lourenzá. Lugo, de clave O.H. 127.588,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

por importe de un millón sesenta e oito mil seiscientos vinte e dous euros con dez céntimos (1.068.622,10 €).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mos, para a execución da obra: colectores secundarios para a conexión co sistema xeral do Louro. Concello de Mos (Pontevedra), clave OH.336.949, por importe de un millón oitocentos dezaseis mil setecentos cincuenta e catro euros con dez céntimos (1.816.754,10 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Celanova, para a execución da obra: mellora da rede de abastecemento de auga a Celanova. Concello de Celanova (Ourense), clave OH.232.758, por importe de un millón corenta mil seiscientos trinta e sete euros con noventa e tres céntimos (1.040.637,93 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer anticipos do 80% do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para a consolidación de unidades de investigación competitivas do sistema galego de I+D+I, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o *Uni. College, Cork/Coláiste na hOllscoile Corcaigh*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil catrocentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (62.476,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Univ. do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (56.962,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Universidade de Salamanca*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (56.962,56 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Freie Universität Berlin*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e sete mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (57.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Universitat Autònoma de Barcelona*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e sete mil cincocentos euros (67.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Sveučilište u Zadru*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (58.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do *Proxecto Escuela 2.0* no ano 2010, por un importe total de oito millóns de euros (8.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de San Paio, por un importe total de cento cincuenta e tres mil trescentos cinco euros con sesenta céntimos (153.305,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o desenvolvemento do Plan Nacional de Protección do Patrimonio Subacuático, por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) para contribuír ao mantemento dos servizos que presta a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

través dos centros de atención ás persoas con discapacidade da súa titularidade, por importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela, para o financiamento dun máster oficial interuniversitario en psicoxerontoloxía, cunha contía total de vinte e cinco mil euros (25.000,00 euros).

MOCIÓNS E PROPOSTAS**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Declaración institucional

INFORMES**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe executivo. Plan Galego das Persoas Maiores. Plan Actuación Social Galicia 2010-2013. Horizonte 2015.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe executivo OCUPESCA (1º semestre 2010).

A XUNTA APROBA FUSIONAR OS ÓRGANOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA PARA FORTALECER A SÚA INDEPENDENCIA E AS SÚAS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA DOS MERCADOS

- *A nova estrutura permitirá un aforro neto anual de 30.000 euros*
- *O Consello da Xunta deu o visto e prace ao proxecto de Lei reguladora do Consello Galego da Competencia, que agora será remitido ao Parlamento*
- *Adapta a normativa galega á estatal para poder exercer novas competencias e mellorar o control da competitividade entre as empresas para evitar prexuízos aos consumidores*
- *A Comisión Nacional da Competencia terá que solicitar informe preceptivo a Galicia cando unha concentración económica de modo significativo na comunidade*
- *O Consello Galego da Competencia tamén terá un maior control sobre as axudas públicas que se concedan na comunidade*
- *Poderá efectuar propostas para promover unha maior competencia efectiva nos mercados*
- *Tamén poderá impugnar os actos e disposicións de rango inferior á lei, das administracións autonómica ou locais, cando obstaculicen a competencia efectiva*

O Consello da Xunta aprobou hoxe fusionar os órganos de defensa da competencia en Galicia co fin de fortalecer a súa independencia e acadar unha actuación máis intensa no control da competencia nos mercados, así como o seguimento da actuación da Administración pública en temas que poidan afectar a libre competencia.

Esta nova estrutura permitirá un aforro neto anual de 30.000 euros, pois o presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (que pasa a denominarse Consello Galego da Competencia) diminuírá o seu salario para pasar a cobrar como un director xeral e os vogais non terán dedicación exclusiva.

Unha vez remitido o texto ao Consello Económico e Social (CES) e tras ser aprobado polo Consello da Xunta como proxecto de lei, será remitido ao Parlamento para a súa aprobación definitiva. Esta norma, grazas á maior intervención da autoridade de defensa da competencia, producirá melloras na calidade dos bens e servizos que ofertan as empresas, evitando acordos de prezos ou sobre as condicións de produción, que prexudicarían os intereses dos consumidores.

Os órganos de defensa da competencia teñen como finalidade fundamental a persecución e sanción das condutas contrarias á libre competencia, favorecendo así a eficiencia e un maior benestar dos consumidores e usuarios.

Ata agora e desde o ano 2004 en Galicia existen dous órganos de defensa da competencia. Por un lado, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), organismo autónomo de carácter administrativo, e, por outro, o Servizo Galego de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Defensa da Competencia (SGDC), unidade da Secretaría Xeral e do Patrimonio, con rango de subdirección xeral, que realiza ademais funcións de apoio técnico xurídico.

A Lei estatal 15/2007 creou a Comisión Nacional da Competencia como órgano único e introduciu cambios que afectan todo o sistema de defensa da competencia español. Ademais, prevé que as comunidades autónomas exerzan máis competencias, o que fai conveniente coordinar ambas as normas, incorporando na lei galega as que xa aparecen na do Estado.

Por iso, é necesario adaptar a estrutura dos órganos galegos aos cambios institucionais, substantivos e procedementais introducidos pola lei española, o que fortalecerá a súa independencia. O Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación substantiva de defensa da competencia, mentres que ás comunidades autónomas lles corresponde a de execución sobre as condutas anticompetitivas que teñan efectos dentro do seu territorio.

Novas competencias

A lei estatal habilita as autonomías para exercer novas competencias, pois proporciona unha maior colaboración no control de concentracións económicas, que é competencia exclusiva do Estado. Así, cando a concentración incide de modo significativo no territorio dunha comunidade, a Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia debe solicitar informe preceptivo á autonomía afectada. Na regulación anterior o órgano do Estado podía pedir o informe, que non tiña carácter preceptivo nin vinculante. Igualmente a lei permite ás comunidades autónomas ter un maior control sobre as axudas públicas que se concedan no seu territorio.

Tamén o Consello Galego da Competencia poderá intervir, sen ter condición de parte, por iniciativa propia ou por instancia do órgano xudicial correspondente, nos procedementos abertos sobre cuestións relativas ás condutas prohibidas previstas na norma.

Igualmente, a partir da aprobación da nova lei galega, poderá emitir informes sobre cuestións relativas á defensa da competencia, por petición do Parlamento de Galicia, do Consello da Xunta e dos seus conselleiros, así como das corporacións locais. Tamén emitirá informe preceptivo sobre os proxectos de lei e outras normas autonómicas que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.

Por outra banda, este órgano asumirá a función de elaborar informes sobre os distintos sectores económicos, que poden incorporar propostas de liberalización, desregulación ou modificación normativa. Ademais, incorpórase a competencia de asesoramento, ao poder efectuar propostas á Consellería de Facenda, para elevar ao Consello da Xunta, se é o caso, sobre liñas de actuación orientadas a promover unha maior competencia efectiva nos mercados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Consello Galego da Competencia poderá impugnar os actos e disposicións xerais de rango inferior á lei, das administracións públicas autonómica ou locais que obstaculicen a competencia efectiva nos mercados. O seu persoal terá condición de axente de autoridade e poderá realizar os labores de inspección que regula a lei do Estado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO SOBRE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza semanal de hoxe, informou da aprobación do proxecto de decreto que ten como finalidade o desenvolvemento normativo da Lei de emerxencias de Galicia, aprobada en maio de 2007, no que atinxe á norma básica de autoprotección, establecida polo RD 393/2007, do 23 de marzo (modificado polo Real decreto 1468/2008, do 5 de setembro).

A norma descrita ten un obxectivo marcadamente técnico, xa que non impón obrigas novas. O que se pretende é que os técnicos competentes na materia, poida non só coñecer as actividades que en Galicia teñen a obriga de realizar un plan de autoprotección, senón o seu contido e o procedemento de tramitación, sen necesidade de consultar outras normas.

Tamén pretende obter unha norma áxil que permita tramitar plans, que son heteroxéneos en función da actividade, e que poidan ser incluídos nun rexistro e que acheguen suficientes datos transcendentales nas actuacións en caso de emerxencias.

As actividades e centros obrigados a realizar plans de autoprotección, axustándose a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia son, dunha banda, as actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade, doutra banda os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de xeito especialmente grave por situacións dese carácter. Será obriga dos titulares implantar, manter e revisar o plan de autoprotección.

O plan de autoprotección é o documento que define o marco orgánico e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencias, garantindo a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.

Os plans de autoprotección presentaranse xunto cos demais documentos necesarios para o outorgamento da licenza de actividade, no caso de ser necesaria. Ademais, o titular deberá emitir un certificado de implantación do plan, e remitilo á dirección xeral con competencias en materia de protección civil.

Resumo do decreto

O obxecto do decreto é determinar o catálogo de establecementos, actividades, centros e dependencias obrigados a realizar os plans de autoprotección, o seu contido mínimo, e a creación do rexistro de plans de autoprotección.

O decreto é aplicable en todo o territorio, excluindo os establecementos ou instalacións dependentes do Ministerio de Defensa, de Institucións Penitenciarias, das Forzas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Corpos de Seguridade e Resgardo Alfandegueiro, así como a dos órganos xudiciais. É de aplicación supletoria para as actividades con regulamentación sectorial específica. O rexistro de plans de autoprotección ten como obxectivo o establecemento dunha base de datos con contido dos plans, á que poderán acceder os servizos de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. Terán que inscribirse todas as actividades, centros e instalacións do Catálogo; as non incluídas poderán inscribirse con carácter voluntario.

O rexistro dependerá da dirección xeral con competencias en materia de protección civil, que é a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. As modificacións que afecten o contido do plan, comunicaranse tanto ao órgano da Administración competente para outorgar a licenza, permiso ou autorización da actividade, como ao Rexistro dos Plans.

Este decreto entrará en vigor aos 6 meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A FP GALEGA CONTA CON DOUS NOVOS CURRÍCULOS ADAPTADOS Á LEI DE CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os currículos do ciclo de grao medio en instalacións de telecomunicacións; e do de grao superior en administración de Sistemas Informáticos en Rede*
- *Deste xeito, a Consellería de Educación continúa a avanzar no proceso de modernización da Formación Profesional*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deu un novo paso no proceso de modernización da Formación Profesional, coa adaptación de dous ciclos formativos á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Así, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos currículos do ciclo de grao medio en instalacións de telecomunicacións, e ao de grao superior en administración de sistemas informáticos en rede; co que a Consellería leva xa adaptados 24 currículos na lexislatura. A Xunta de Galicia aprobou tamén un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo nestas ensinanzas as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras. Ademais, a Dirección Xeral de FP traballa sobre os currículos doutros 4 ciclos, que pasarán para a súa aprobación polo Consello da Xunta nas vindeiras semanas.

A importancia destes títulos

Ao abeiro dos decretos hoxe aprobados, estes estudos quedan harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais; dando ademais resposta ás necesidades dos sectores produtivos galegos. Deste xeito queda patente o compromiso da Consellería de Educación coa Formación Profesional como unha porta de acceso ao mercado laboral das mozas e mozos.

Con esta mesma finalidade, os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Máis oportunidades laborais

A adaptación de ciclos formativos por parte da actual administración, que ata o de agora xa acadou 24 adaptacións, demostra o compromiso da Xunta de Galicia coa posta en valor da Formación Profesional, un auténtico sistema de oportunidades nestes momentos de crise.

Nos nosos días, a FP é un xeito ideal de loitar contra o abandono escolar, permitindo que moitos estudantes poidan acceder despois ademais a titulacións universitarias. Por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

outra banda, supón unha oportunidade para que os traballadores poidan completar a súa formación, a través da flexibilidade que permiten os ciclos para adultos, organizados en módulos.

Finalmente, o grao de empregabilidade da FP, que alcanza en moitos casos o 80%, demostra que estes estudos son unha óptima opción nestes tempos de altos niveis de desemprego.

Mobilidade entre estudos

Doutra banda, os novos currículos facilitan a mobilidade entre estudos, establecendo a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias. Ademais, ábrese a posibilidade de acceder aos estudos universitarios desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior; e a de validar os estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios ECTS -Sistema Europeo de Transferencia de Créditos-.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE DESENVOLVE O RÉXIME XURÍDICO E REGULA O OUTORGAMENTO DAS CONCESIÓNS DA ILLA DE ONS

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto polo que se desenvolve o réxime xurídico e se regula o procedemento para o outorgamento das concesións da Illa de Ons; presentado polo conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez.

Segundo a Lei 5/2001, do 28 de xuño, as illas de Ons e Onza son bens de dominio público con titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma posibilita o uso e gozo das illas por aqueles que as habitan ou utilizan nela bens inmobles, sempre que os devanditos usos sexan compatibles co establecido na propia lei e nos correspondentes plans directores de ordenación dos recursos naturais e de uso e xestión das devanditas illas, que desde o ano 2002 forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Obxecto

Este decreto ten por obxecto desenvolver o réxime xurídico do uso privativo e singular dos bens inmobles existentes nas illas de Ons e Onza, conforme o establecido na Lei 5/2001; así como regular o procedemento de outorgamento das ditas concesións. Este decreto entrará en vigor aos 20 días a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O outorgamento das licenzas para o uso de edificacións ou construcións que constitúan bens inmobles existentes nas illas á entrada en vigor da citada Lei, terá para a Administración carácter discrecional e quedará supeditado ao interese xeral e á preservación, conservación e utilización sustentable da flora, fauna, paisaxe e construcións tradicionais que integran, poboan, conforman e se sitúan nas illas. As concesións solicitadas outorgaranse para o uso vinculado á residencia ou vivenda; uso comercial vinculado á hostalaría, restauración ou alimentación; e uso agrario tradicional.

Concesionarias

Poderán ser concesionarias aquelas persoas que teñan unha vinculación histórica coa Illa de Ons pola presenza continuada na illa de distintas xeracións no momento da entrada en vigor da lei. No caso de que os bens os posúa unha comunidade hereditaria, ou un conxunto de persoas en réxime de indivisión, o permiso poderase outorgar a favor desas entidades.

Duración da licenza

O prazo máximo de duración das concesións a que se refire este decreto será de 75 anos, contados desde a data do seu outorgamento, e non poderá concederse prórroga do tempo de duración destas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Taxas**

Os permisos quedan suxeitos ao pagamento dunha taxa anual pola utilización privativa dos inmobles existentes na Illa de Ons. Respecto aos suxeitos pasivos, o devengo, as tarifas e a aplicación da antedita taxa observará o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO DRAGADO DO ENCORO DE LOURENZÁ

- *A acumulación de algas e sedimentos no vaso do encoro poñen en perigo o bo funcionamento do mecanismo de desaugamento, ademais de minguar a capacidade do encoro*
- *Tamén se evitarán episodios de avenidas ou asolagamentos*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos EPOSH) e o Concello de Lourenzá, para levar a cabo a limpeza e dragado do encoro no río Baos deste concello da provincia de Lugo, por un valor de máis dun millóns de euros.

Na actualidade sucede que no encoro situado no municipio de Lourenzá observouse a existencia dunha importante acumulación de lamas e sedimentos no vaso. Este feito implica unha redución da súa capacidade e tamén pode darse a situación de que os seus órganos de desaguamento queden fóra de servizo. Cómpre indicar que esta situación limita a capacidade de actuacións en caso de que acontezan episodios de avenidas ou asolagamentos.

En consecuencia, e dado que o encoro forma parte da rede de abastecemento ao municipio e existe a ameaza de afectar a subministración de auga á poboación de Lourenzá, é necesario dragar os sedimentos acumulados no encoro, situado no río Baos, así como o posterior tratamento e xestión das lamas recollidas.

Con esta obra acádase o obxectivo de promover a mellora do medio ambiente, contribuíndo a garantir a sustentabilidade e protección ambiental, así como o servizo aos habitantes da zona, xa que o encoro forma parte da rede de abastecemento ao municipio.

Nas obras inclúese o dragado das areas e lodos acumulados no vaso ante a ameaza de afectar a subministración de auga á poboación de Lourenzá. Estímase que será necesario dragar un volume de 13.195 metros cúbicos.

O procedemento de dragado será por medio de aspiro-draga a cal irá montada nunha balsa, que bombeará a través dunha manguera flexible o caudal de lodos a unha planta portátil instalada no lateral do encoro, onde se separarán as fraccións sólida e líquida e procederase a clasificar e deshidratar os lodos obtidos para a súa posterior entrega a xestor autorizado.

O abastecemento á ETAP de Lourenzá manterase en todo momento alleo aos traballos no encoro ao dispoñerse unha toma provisional mediante pozo filtrante e bombeo de auga necesaria á actual conducción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Outro dos beneficios desta colaboración é a resposta aos efectos negativos da degradación ambiental da zona, xa que ao ritmo de aterramento do encoro é posible que nuns anos desaparezan as masas de auga global, quedando substituída por pequenas masas de auga que se comunicarían en función do nivel do encoro.

Obrigas dos asinantes

En virtude desta colaboración, as administracións asinantes do convenio asumen unha serie de obrigas. No caso da Consellería de Medio Ambiente comprométese a financiar o 100% da actuación, polo que se destinarán 1.068.622 euros, contratar as obras e entregar estas unha vez finalizadas.

Por outra parte, o Concello de Lourenzá debe poñer á disposición os terreos necesarios para a normal execución das obras. Tamén se compromete ao sometemento a información pública dos proxectos das obras correspondentes e compromiso de conformidade co proxecto técnico dos traballos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS NA REDE SANEAMENTO EN SETE PARROQUIAS DO CONCELLO DE MOS, QUE ESTARÁN CONECTADAS COA EDAR DE GUILLAREI**

- *O obxectivo será completar a rede de saneamento das parroquias de Louredo, Petelos, Torroso, Tameiga, Pereiras, Sanguíñeda e na propia parroquia de Mos*
- *As obras permitirán a conexión dos colectores secundarios co colector xeral do río Louro; que pola súa vez enlazará coa estación depuradora de augas residuais de Guillarei*
- *O prazo de execución do proxecto será de 8 meses, e permitirá beneficiar os preto de 15.000 veciños do Concello de Mos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Mos para a execución da rede de saneamento en sete parroquias do municipio pontevedrés. Medio Ambiente investirá preto de 1,8 millóns de euros neste proxecto; que serán distribuídos en dúas anualidades, serán 182.000 euros neste 2010 e 1.634.754 o vindeiro 2011.

O obxectivo será completar a rede de saneamento das parroquias de Louredo, Petelos, Torroso, Tameiga, Pereiras, Sanguíñeda e na propia parroquia de Mos. As obras permitirán a conexión dos novos colectores secundarios co colector xeral do río Louro; que pola súa vez enlazará coa estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei, no concello pontevedrés de Tui.

Ademais das carencias de saneamento nestes lugares, cómpre recordar que a antedita EDAR de Guillarei depuraba por debaixo da súa capacidade debido á inexistente conexión cos colectores da rede existente; polo que este proxecto tamén solucionará esta problemática.

Obras que se realizarán

As obras permitirán instalar preto de 6 quilómetros de colector por gravidade de 315 mm de diámetro, 3 novas estacións de bombeo de augas residuais e preto de 600 metros de impulsións cun diámetro de 63 mm. Para a instalación dos novos colectores, serán instaladas 22 conexións nas sete parroquias; 4 en Louredo, 5 en Petelos, 1 en Torroso, 2 en Tameiga, 1 en Pereiras, 2 en Sanguíñeda e 7 en Mos.

As estacións de bombeo terán unha capacidade de entre 1,5 e 2,5 litros/segundo e terán unha potencia de entre 1,7 e 2,5 kw.

Obrigas da Consellería e do Concello de Mos

A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade do proxecto, con preto de 1,8 millóns de euros, e encargarse da súa redacción. O Concello de Mos comprométese a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

aprobalo, proporcionar os terreos necesarios para a súa execución así como asumir o mantemento e conservación das obras unha vez rematadas.

O prazo de execución será de 8 meses, e permitirá beneficiar os preto de 15.000 veciños do concello do Mos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA MELLORAR A REDE DE ABASTECIMENTO DE CELANOVA, EN OURENSE, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS

- *O obxectivo principal deste proxecto é dar solución á insuficiencia na capacidade de abastecementos das zonas norte e oeste do municipio*
- *As obras deseñaranse para dar servizo a máis de 4.800 habitantes*
- *O prazo de execución das obras será de 6 meses*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración técnico-financieira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Celanova para a execución das obras de mellora da rede de abastecemento de auga en Celanova. Este proxecto é unha das actuacións previstas no Plan Hidrolóxico de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), financiará o 100% das obras mediante unha achega de 1.040.637,93 euros, distribuídos en dúas anualidades: 10.064 euros para este ano, e 936.573,93 euros para 2011.

O abastecemento actual do núcleo de Celanova é insuficiente ante a demanda das zonas norte e oeste, onde se situán numerosas edificacións de servizo como instalacións deportivas, escolas... As obras previstas no proxecto dotarán o concello dunha maior capacidade hidráulica, e porporcionarán ao tempo unha maior calidade final da auga tratada, garantindo, sobre todo na época estival, a subministración.

Características técnicas

As actuacións consistirán nunha canalización de fundición que, desde o depósito situado no núcleo de Cañón, conectará coa rede de distribución da capitalidade en catro puntos, coa rede de distribución do parque empresarial de Celanova e cos depósitos da Moreira e O Burgo. Esta rede contará cos elementos auxiliares precisos, entre eles catro grupos redutores de presión. A rede de abastecemento dará servizo á parroquia de San Rosendo de Celanova, así como ao Parque Empresarial de Celanova, beneficiando a 4.825 habitantes.

Aproveitando a apertura de gabias, executaranse tres treitos de rede de sanemamento unitaria con colectores de PVC de 400 milímetros de diámetro na rúa Curros Enríquez e de 315 mm na rúa Areal-A Pedreira e no treito Encarnación- N-540, con lonxitudes respectivas de 283 e 60 m. Os dous primeiros tramos son de novo trazado e amplían as redes existentes; o terceiro é unha reposición con conexión á rede actual nos dous extremos. No proxecto tamén se inclúe a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras. O prazo de execución das obras será de 6 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Competencias**

As obrigas da Consellería de Medio Ambiente serán asumir os custos das obras, así como o seu control e dirección. O Concello de Celanova comprométese á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a súa realización. Do mesmo xeito, comprométese a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA ANTICIPARÁ O 80% DO IMPORTE DAS AXUDAS PARA UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS**

- *A concesión de anticipos segue a política establecida por Economía e Industria para optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I permitíndolles aos axentes beneficiarios contar coa maior parte das axudas concedidas nun prazo moi breve de tempo desde a resolución*
- *A próxima convocatoria destas subvencións sentará as bases para o financiamento estable dos centros tecnolóxicos galegos con base na valoración dos seus resultados*

A Consellería de Economía e Industria anticipará o 80% do importe das subvencións correspondentes á consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Galego de I+D+I, tal e como quedou aprobado na reunión do Consello da Xunta celebrada hoxe. As axudas, que serán convocadas proximamente a través do *Diario Oficial de Galicia* (DOG), están dotadas con 6,7 millóns de euros en total e beneficiarán as universidades e centros tecnolóxicos e de investigación.

A concesión de anticipos segue a política establecida por Economía e Industria para optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I permitíndolles aos axentes beneficiarios contar coa maior parte das axudas concedidas nun prazo moi breve de tempo desde a resolución. Neste caso, o obxectivo é impulsar unidades de servizos tecnolóxicos e grupos de investigación de maior dimensión para aumentar a súa competitividade e a súa capacidade de creación de valor.

Estas axudas, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade baixo a fórmula de contratos-programa, concédense sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora. Así, valóranse aspectos como a produción científica, a execución de proxectos e a transferencia de resultados de investigación á sociedade. Os custos subvencionables abranguen, entre outros, o custo de persoal investigador ou de apoio, os gastos de formación e mobilidade para difusión científica, as actividades de divulgación e o pequeno equipamento.

Do importe total das axudas, 3,2 millóns de euros irán dirixidas aos centros tecnolóxicos e os 3,5 millóns restantes destinarase á renovación das axudas concedidas nos anos 2007, 2008 e 2009 aos grupos de investigación do Sistema Universitario Galego, aos organismos públicos de investigación con sede en Galicia (Consello Superior de Investigacións Científicas e Instituto Español de Oceanografía) e aos centros de investigación da rede pública sanitaria galega.

A orde deste ano incorpora por primeira vez para a valoración dos centros tecnolóxicos un conxunto de 26 indicadores de valoración das súas perspectivas financeiras, de clientes, de estrutura interna e de mellora continua, con vistas a establecer unha liña de financiamento estable para este tipo de organismos que permita a supresión das axudas directas para os seus gastos de funcionamento.

EDUCACIÓN COLABORA CON UNIVERSIDADES PUNTEIRAS ESPAÑOLAS E DO ESTRANXEIRO NA DIFUSIÓN EXTERIOR DA LINGUA E DA CULTURA GALEGAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios, a través de Política Lingüística, coa Universidade Autónoma de Barcelona e mais coas universidades de Salamanca, do País Vasco, Cork, Berlín e Zádár*
- *Máis de 400 alumnos e alumnas estudaron materias de lingua, literatura e cultura galegas nestas institucións durante o curso académico 2009-2010*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios con diversas universidades punteiras de España e do estranxeiro co fin de promover a difusión exterior da lingua e da cultura galegas. Esta consellería reforzará a través de cadanseu convenio a colaboración que vén mantendo coa Universidade Autónoma de Barcelona, coa Universidade de Salamanca, coa Universidade do País Vasco, coa Universidade de Cork, coa Universidade de Berlín e mais coa de Zádár, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, destina un total de 360.854 euros para a realización das actividades ao abeiro destes convenios, que terán vixencia desde o próximo 1 de outubro ata o 30 de setembro de 2013.

Grazas a este marco de colaboración, a Xunta de Galicia posibilita o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudos destas universidades, ademais da organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión do galego –conferencias, seminarios, congresos, exposicións, etc.–, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Ao mesmo tempo, estes convenios recollen a contratación dun lector ou lectora de galego nomeado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e que se encarga de dirixir estas actividades.

Máis de 400 alumnos e alumnas de galego

Durante o curso académico 2009-2010, un total de 441 alumnos e alumnas estudaron lingua, literatura e cultura galegas nas universidades mencionadas, grazas aos convenios de colaboración que manteñen coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en máis de corenta universidades. A maior parte delas contan con lectores ou lectoras, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos, que imparten materias de lingua, literatura e cultura galegas adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades de diversos países de Europa e de América é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da XuntaA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O MINISTERIO ASINAN UNHA ADDENDA
AO CONVENIO 'ESCUELA 2.0'

- *A iniciativa enmárcase no Proxecto ABALAR, que integra este ano por primeira vez as novas tecnoloxías da información e comunicación nos centros educativos galegos*
- *Ao abeiro desta addenda, esta estratexia contará con 8 millóns de euros máis para continuar coa súa implantación durante o curso 2011-2012*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dunha addenda entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio do ramo para dar continuidade ao convenio 'Escuela 2.0'. Este compromiso, asinado por primeira vez en decembro de 2009, persegue a integración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos centros educativos, que prevé o uso personalizado dun ordenador portátil por parte de cada alumno e a transformación das actuais aulas en aulas dixitais.

Para adaptar esta estratexia ás necesidades da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Educación está a poñer en marcha o Proxecto ABALAR, grazas a que arredor de 14.500 alumnos e alumnas de educación primaria e secundaria obrigatoria poderán mellorar as súas competencias dixitais desde o curso 2010/2011. Na primeira fase deste proxecto estaba previsto investir en total máis de 12 millóns de euros, dos que 4,3 procedían da sinatura do convenio Escuela 2.0.

O obxecto da sinatura da addenda hoxe aprobada polo Consello da Xunta é o de establecer os mecanismos para a continuación deste devandito convenio, con novas aportacións económicas e os correspondentes compromisos de extensión do programa. Deste xeito, ABALAR aspira a achegar as TIC a máis de 1000 centros educativos e 87.000 alumnos ao longo desta lexislatura.

Ademais da dotación de equipamento e infraestruturas aos centros educativos, ABALAR fomenta a participación de todos os membros da comunidade educativa no uso das TIC, fundamentalmente a través do portal EspazoABALAR. Ademais, o plan recolle a posta en marcha de accións formativas para que o profesorado poida ter o maior aproveitamento didáctico destes recursos dixitais dispostos na aula.

Melloras no sistema

Cómpre recordar que a implantación do Espazo ABALAR nos centros educativos redundará nun cambio do modelo ensino-aprendizaxe. Isto esixe a adopción e integración das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo, a través do fomento da Cultura Dixital, e coa implicación das familias e de toda a comunidade educativa. Para favorecer esta participación, o proxecto disporá dun portal web propio, 'espazoABALAR', que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade –profesorado, alumnado, familias, ANPAS...-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Deste xeito, as familias poderán facer un seguimento académico dos seus fillos en 'espazoABALAR', grazas a un procedemento de comunicación directa e multicanle cos profesores e titores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINARÁ MÁIS DE 150.000 EUROS PARA A RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO FRANCÉS AO SEU PASO POR SAN PAIO, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- *O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Santiago de Compostela para a execución das obras no tramo de San Paio*
- *O proxecto enmárcase no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, deseñado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que prevé actuacións de recuperación en once tramos do Camiño Francés por un importe de 2,1 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Santiago de Compostela para a realización das obras de restauración e posta en valor do Camiño Francés ao seu paso polo tramo de San Paio por un importe de 153.300 euros. Esta é unha das once actuacións previstas no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que se desenvolverá en dez municipios de Galicia polos que discorre o Camiño Francés. A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento asinaron no mes de xuño o acordo para o cofinanciamento destas once actuacións de posta en valor cun orzamento total de 2.117.987 euros.

O núcleo de San Paio está formado por un pequeno número de casas que delimitan o espazo de arredor do adro da igrexa de Santa Lucía de Sabugueiro, a cal se atopa lixeiramente elevada respecto ao nivel dos camiños circundantes. A finalidade da actuación é a mellora do espazo na área da igrexa pola que pasa o Camiño de Santiago, eliminando ou minimizando os impactos visuais negativos. Realizaranse traballos de limpeza da vexetación, instalación dunha nova marquesiña, eliminación dos postes de instalacións e soterrado das liñas, nova pavimentación do espazo de arredor do adro, substitución dos bancos e mellora da iluminación pública.

O Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos destas rutas. O programa propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, etc.) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que constitúen sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

Na súa primeira fase inclúe actuacións nos municipios de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña. Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisen unha maior urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan de danlles forma. Esta primeira fase completárase coas actuacións previstas en Gonzar (Portomarín) e Barbadelo (Sarria), que se presentarán proximamente. O obxectivo da Consellería de Cultura e Turismo é que o Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago se amplíe a todos os Camiños de Santiago no seu desenvolvemento futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO COLABORARÁ CO MINISTERIO DE CULTURA NA REALIZACIÓN DE PROSPECCIÓN E TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO SUBACUÁTICO**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración que permitirá continuar coa elaboración da carta arqueolóxica subacuática de Galicia.*
- *O acordo prevé a realización en 2011 de prospeccións arqueolóxicas subacuáticas na costa de Lugo e nas rías de Vigo e Corcubián. Prevense ademais traballos de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura que permitirá a execución e desenvolvemento en 2011 do Plan Nacional de Protección do Patrimonio Arqueolóxico Subacuático (PNPPAS). O acordo contará cun orzamento de 75.000 euros, dos que a Consellería de Cultura e Turismo achegará 15.000 euros e o Ministerio de Cultura un total de 60.000 euros.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, vén desenvolvendo nos últimos anos diversos traballos de prospección arqueolóxica subacuática en diversas áreas do litoral galego co fin de dispor da información necesaria deste patrimonio cultural para a súa protección e conservación. O convenio de colaboración permitirá continuar coa realización destes traballos de localización e rexistro deste patrimonio arqueolóxico, sendo a tarefa máis necesaria nestes momentos para a súa protección. Froito destes traballos, nos últimos anos localizáronse diversos materiais arqueolóxicos que foron depositados na sede do Museo do Mar, en Vigo, e dos que foi preciso levar a cabo traballos específicos de conservación.

Entre as actuacións establecidas no marco do convenio destaca a realización de prospeccións arqueolóxicas subacuáticas que permitirán continuar en 2011 a elaboración da carta arqueolóxica subacuática da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas prospeccións estarán localizadas en Rande, na ría de Vigo; na ría de Corcubián e na costa de Lugo. O acordo prevé ademais a realización de traballos de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos subacuáticos.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura teñen como obxectivo común a execución e desenvolvemento do PNPPAS, aprobado na reunión do Consello do Patrimonio Histórico de outubro de 2007, co fin de concienciar dun xeito coordinado todos os departamentos e administracións públicas implicadas nesta protección, adoptando unha serie de medidas concretas para a salvagarda, conservación e difusión deste rico patrimonio que se atopa nas nosas augas. Preténdese alcanzar o maior grao de eficacia e coordinación neste labor para evitar calquera tipo de actividade expoliadora que afecte directamente este patrimonio. Do mesmo xeito, procúrase que actividades subacuáticas legalmente autorizadas non incidan negativamente na súa conservación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR INVISTE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA AXUDAR A FINANCIAR A ATENCIÓN Á PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA ÁREA DE VIGO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración que o departamento autonómico mantén coa Asociación Galega San Francisco, co que amplía o seu orzamento inicial ata os dous millóns*
- *Esta modificación supón unha ampliación do financiamento de 360.000 euros*
- *O financiamento destínase a manter os servizos que presta esta entidade a través dos centros da súa titularidade*

A Consellería de Traballo e Benestar inviste un total de máis de dous millóns de euros en axudar a financiar a atención á discapacidade intelectual na área de Vigo. En concreto, este é o investimento que destina a Xunta á Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) para que manteña os servizos que presta a través dos centros da súa titularidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración que mantén este departamento autonómico con AGASFRA. O orzamento inicial deste acordo era de 1,7 millóns de euros, que agora se amplían en 360.000 euros para manter no que queda de ano os seus servizos de atención, especialmente no que se refire ás persoas dependentes.

Trátase, polo tanto, de axudar a manter un servizo de atención especializado, tanto na atención residencial como na diúrna, o que contribúe a mellorar a calidade de vida tanto das persoas con discapacidade intelectual –autónomas e dependentes- como das súas familias. Grazas a esta atención, conséguese tamén evitar o illamento ou exclusión social deste colectivo a través da ampliación e da oferta de recursos á súa disposición.

Máis en concreto, este convenio permite a AGASFRA o mantemento dun total de 201 prazas na área de Vigo, tanto na atención residencial como de día.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**TRABALLO E BENESTAR DESTINA 25.000 EUROS AO FINANCIAMENTO DO MÁSTER OFICIAL DE PSICOXERONTOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO**

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración que asinarán con este fin o departamento autonómico e a Universidade de Santiago de Compostela (USC)*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 25.000 euros a colaborar no financiamento do máster oficial interuniversitario de psicoxerontoloxía que imparte a Universidade de Santiago de Compostela.

Con este fin, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración que asinarán o departamento autonómico e a Universidade de Santiago de Compostela (USC). Un dos principais obxectivos desta iniciativa é dar resposta ás novas demandas de profesionais especializados neste ámbito específico da psicoloxía.

Este curso, que conta con 90 créditos, pretende dotar os titulados coas competencias profesionais e/ou investigadoras precisas para o labor profesional na avaliación e intervención psicolóxica das persoas maiores, tanto para aquelas con boa saúde, como para aquelas con deterioración cognitiva ou con outras psicopatoloxías. Formaranse os alumnos para traballar tanto no ámbito familiar como no institucional. Este perfís profesionais teñen como meta contribuír á mellora da saúde e da calidade de vida dos maiores.

Así, esta colaboración súmase a aposta da Consellería de Traballo e Benestar pola formación, dentro do sector da dependencia, tanto dos profesionais como dos cuidadores non profesionais, co fin de mellorar a calidade da atención dos maiores. Neste sentido, é preciso lembrar que a Xunta leva investidos no que vai de ano preto de 4,5 millóns de euros en diversas actuacións formativas en materia de dependencia. Ademais, presentou un manual de formación básica para cuidadores non profesionais.

No que se refire estritamente ao ámbito profesional, o departamento autonómico asinou un convenio coa EGAP para formar o persoal propio da Xunta que traballa na tramitación da Lei de dependencia. A consellería tamén está a levar a cabo unha diagnose das necesidades formativas dos traballadores e traballadoras que prestan servizos sociais nos seus centros de titularidade pública co obxectivo de coñecer a situación actual do grao de adecuación das titulacións, actualizar os seus coñecementos e, en definitiva, mellorar a profesionalidade do sector.

DECLARACIÓN DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES

Coa conmemoración nesta data do Día Internacional das Persoas Maiores, a sociedade demostra hoxe a súa gratitude e recoñecemento ao legado das xeracións que nos precederon. Un recoñecemento xusto a todos os homes e mulleres que, co seu esforzo, contribuíron ao desenvolvemento da sociedade do benestar da que hoxe disfrutamos. Con este manifesto a Xunta de Galicia quere contribuír ao obxectivo fundamental deste día: a concienciación e sensibilización da poboación para promocionar os valores e a consideración social dos nosos maiores.

Para a Xunta de Galicia, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser un dos obxectivos fundamentais daquelas políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade que conta con todos. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que se dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, estean onde estean.

Na Comunidade Autónoma galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos e máis anos representa preto do 22% do total da poboación. Este dato implica necesariamente que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida, ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral, ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación governamental.

Unha estratexia que debe contar con instrumentos axeitados de planificación e coordinación que, a partir do coñecemento profundo da realidade social, permitan achegar respostas coordinadas, innovadoras e específicas ás necesidades e demandas das persoas maiores en forma de recursos e actuacións que atendan os constantes cambios normativos, sociais, económicos e doutra natureza que caracterizan a dinámica social actual e aos que o colectivo conformado polas persoas maiores non son alleos.

Con este motivo, e como compromiso no desenvolvemento dunha política integral que promova dunha forma efectiva a saúde, a calidade de vida e a promoción da autonomía persoal dos nosos maiores, o Goberno galego aprobou o Plan Galego das Persoas Maiores 2010- 2013, coa finalidade de establecer un marco eficaz de actuación destinado a deseñar, coordinar e planificar estratexicamente o conxunto de actuacións, programas e recursos orientados a atender as necesidades e demandas das persoas maiores de Galicia neste período temporal. Este plan artéllase arredor de catro eixes ou núcleos de acción:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- . A promoción de valores e protección de dereitos.
- . O envellecemento activo e a participación social
- . A prestación de servizos con eficacia e calidade
- . A cooperación transversal.

Entre todos e todas faremos de Galicia un país de todos/as e para todos/as. Unha terra que non é patrimonio de ningunha xeración en particular. Unha sociedade que conxugue o empuxe dos novos coa sabedoría dos maiores.

O CONSELLO APROBA O PLAN GALEGO DAS PERSOAS MAIORES, QUE PRIORIZARÁ OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE PROXIMIDADE

- *O documento, que contén un total de 69 medidas, foi consensuado entre todos os departamentos da Xunta e dialogado coas entidades representativas do colectivo*
- *As medidas están deseñadas cun enfoque activo e preventivo, que prestan atención tanto aos propios maiores, como ás súas familias e cuidadores e aos traballadores profesionais do sector*
- *O plan recolle tamén a posta en marcha dunha nova carteira de servizos, na que se incluírán novas modalidades de teleasistencia*
- *Destacan actuacións como a creación dun banco de voluntariado, a posta en marcha dun programa de mentores ou a reactivación do Consello Galego das Persoas Maiores*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao documento definitivo do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, tras ser consensuado entre o Goberno galego e as entidades representativas do sector. Neste plan inclúense un total de 69 medidas que teñen como obxectivo principal mellorar a calidade de vida deste colectivo poboacional e achegar os servizos ao seu contorno.

O proxecto, que constitúe unha ferramenta de planificación e coordinación, pretende atender a realidade de Galicia, onde os maiores de 65 anos representan o 22 por cento da poboación –máis de 600.000 persoas-. Deste xeito, no documento identifícanse ámbitos e necesidades estratéxicas e defínense as liñas de acción e resposta.

Ademais, hai que ter en conta que as preto de 70 medidas están deseñadas cun enfoque activo e preventivo, que implica todos os departamentos da Xunta –liderados pola Consellería de Traballo e Benestar-. Así, todas as necesidades e demandas se abordan a través dunha perspectiva global, transversal e actual.

Un dos puntos máis salientables do documento é que devolve aos maiores un papel activo na sociedade, un punto que se reflicte xa na súa participación na elaboración, de forma que pasan de ser destinatarios a definidores das súas propias políticas. Tamén se fomenta a súa participación social, se promove a súa autonomía e se procura atrasar a dependencia.

Como medidas máis destacadas, poderíase citar a creación dun banco de voluntariado das persoas maiores ou a posta en marcha dun programa de mentores, no que os novos emprendedores poidan aproveitar a experiencia dos maiores á hora de poñer en marcha as súas iniciativas.

Tamén se recolle a reactivación do Consello Galego das persoas maiores, como órgano permanente de participación e colaboración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Estas preto de 70 medidas inscríbense nun total de 19 obxectivos operativos repartidos en catro núcleos de acción: promoción de valores e protección de dereitos; envellecemento activo e participación social; prestación de servizos con eficacia e calidade; e cooperación transversal.

Catro núcleos de acción

No que se refire á promoción de valores e protección de dereitos, o documento ten como obxectivos a sensibilización social (difundir os aspectos positivos da vellez e as achegas das persoas maiores ao desenvolvemento local), difundir os dereitos das persoas maiores, crear mecanismos para protexer os dereitos e prever as situacións de risco, e promover a igualdade de xénero para reducir as desigualdades entre os homes e mulleres.

Neste eido, destaca, ademais da creación do servizo telefónico de asesoramento, a elaboración de protocolos de actuación ante situacións de perigo que teñan prevalencia no colectivo, ou a posta en marcha de obradoiros destinados a promover a igualdade de xénero entre os maiores.

Xa no ámbito do envellecemento activo e a participación social, as metas fíxanse na promoción da autonomía e o envellecemento san e saudable, en acadar unha participación activa do colectivo nos procesos de toma de decisións, na promoción do voluntariado de e para as persoas maiores, no fomento da participación en actividades culturais, de ocio e tempo libre e en promover as contribucións ao desenvolvemento socio económico e profesional.

O plan recolle neste apartado varias actuacións concretas, como o desenvolvemento de programas da saúde, prevención, detección e tratamento de patoloxías asociadas ao envellecemento, ou a promoción da participación en actividades de alfabetización e educación permanente. Tamén se fomentará a participación do colectivo en actividades relacionadas coas novas tecnoloxías.

O terceiro núcleo de acción, que se refire á prestación de servizos con eficacia e calidade, establécense seis finalidades principais: ampliar os recursos para atender ás persoas maiores que residen no seu fogar; potenciar os recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu domicilio, dado que o 85 por cento prefire vivir o maior tempo posible no seu contorno; avanzar na creación de recursos de tipo residencial; promover a formación das persoas que atenden as persoas maiores; impulsar a aplicación dos principios de calidade aos recursos destinados ás persoas maiores; e, finalmente, promover o desenvolvemento de actuacións intensivas en I+D+i.

Así, entre outras medidas destinadas a acadar estes obxectivos, poderíase salientar o incremento dos servizos e das modalidades de teleasistencia; a liña de axudas para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

supresión de barreiras no fogar; a potenciación dos centros de día, así como daqueles especializados para doentes de alzhéimer.

Finalmente, o último núcleo de acción, centrado na cooperación transversal, ten como obxectivo establecer instrumentos para a cooperación interdepartamental, favorecer a colaboración co ámbito local para mellorar a xestión de recursos, achegar as medidas do plan aos galegos e galegas residentes no exterior e difundir ese documento.

Aquí, poderíanse destacar a creación dun órgano de coordinación interdepartamental de atención a persoas maiores galegas residentes no exterior ou a elaboración de convenios entre a Consellería de Traballo e Benestar e os concellos para o estudo e implementación de programas de atención ás persoas maiores que viven soas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MAR ELABORA UNHA ENQUISA SOBRE A FROTA GALEGA QUE PESCA NO CALADOIRO CANTÁBRICO-NOROESTE PARA ADOPTAR DECISIÓNS DE FUTURO ACORDES ÁS NECESIDADES REAIS DO SECTOR**

- *Deste xeito preténdese obter indicadores socio-laborais da poboación que traballa no mar que axuden a adoptar e a orientar as políticas da Consellería nos vindeiros anos*
- *Dela extraénsese indicadores de grande valor para analizar tendencias da poboación empregada no mar, por exemplo no referente ao xénero, á idade e á nacionalidade*
- *Das máis de 10.700 persoas que pescaban no caladoiro Cantábrico-Noroeste no primeiro semestre deste ano, máis de 7.500 pertencen á frota de artes menores na que o 94% son homes*

A Consellería do Mar está a elaborar unha enquisa sobre a frota galega que traballa no caladoiro cantábrico-noroeste para adoptar decisións de futuro acordadas ás necesidades reais do sector. O obxectivo deste estudo, que se está a realizar por semestres e conta coa participación do Instituto Galego de Estatística, é coñecer a situación de ocupación laboral dos buques de pesca de pavillón español e porto base en Galicia que realizan a súa actividade en augas interiores de Galicia e no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste. Deste xeito, preténdese obter indicadores socio-laborais que axuden a adoptar decisións sobre a pesca en Galicia e orientar as políticas da Consellería nos vindeiros anos. A Consellería presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe da enquisa Ocupesca cos resultados do primeiro semestre de 2010.

A elaboración da enquisa consta de dúas fases, unha referente ao primeiro semestre de 2010 e outra aos do segundo semestre. Para a súa elaboración escolleuse unha mostra de 413 armadores de buques pesqueiros con porto base en Galicia, distribuída proporcionalmente ao universo de buques pesqueiros que pescan no caladoiro nacional. A mostra distribúese en seis estratos segundo a arte de pesca utilizada polos buques e son arrastre, cerco, palangre, palangre de fondo, palangre de superficie, enmalle e artes menores.

Deste proxecto extraénsese indicadores de grande valor para analizar tendencias da poboación empregada no mar; por exemplo no referente ao xénero, á idade e á nacionalidade. Grazas a ela sábese que durante o período analizado, das máis de 10.700 persoas que traballan no caladoiro Cantábrico-Noroeste, máis de 7.500 pertencen á frota de artes menores na que o 94% son homes. As mulleres que se dedican á actividade pesqueira concéntranse tamén nas artes menores. Ademais, neste sector, o 60% dos traballadores teñen entre 35 e 54 anos.

En canto á nacionalidade, a enquisa mostra que e máis do 90% da poboación ocupada na frota galega é española e que, do preto do 10% de estranxeiros dedicados a este sector, a maioría é de orixe peruana, sobre todo nas embarcacións de artes menores e no enmalle.